

**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

**CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 10 de outubro do 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“APROBACIÓN BASES OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “RESTAURACIÓN E ARQUIVO DIXITAL MONFORTE DE LEMOS.**

**DOCENTES**

Vista a proposta formulada a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación ás bases do proceso selectivo de dous docentes do obradoiro dual de emprego “Restauración e Arquivo Dixital Monforte de Lemos”, co seguinte detalle:

**“BASES PROCESO SELECTIVO DE DOUS DOCENTES OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “RESTAURACIÓN E ARQUIVO DIXITAL MONFORTE DE LEMOS”.**

**1.- Obxecto.**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a selección de 2 Docentes para o obradoiro dual de emprego “Restauración e Arquivo dixital Monforte de Lemos”, a xornada completa, promovido polo Concello de Monforte de Lemos e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Tendo en conta as especialidades formativas que se van a impartir no obradoiro dual de emprego as, prazas son:

- **1 Docente da especialidade Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos a xornada completa.**
- **1 Docente da especialidade Traballos de carpintería e moble a xornada completa.**

**Funcións do posto de traballo**

Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.

Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.

Colaborarán co director na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.

Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os





*partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.*

*Elaborarán nas datas e forma que o director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.*

*Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.*

*Colaborarán coa dirección nos labores de titoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.*

*Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos materiais, maquinaria e ferramentas propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola dirección do obradoiro de emprego. Trimestralmente, a petición da dirección, realizarán un inventario dos medios do obradoiro, no prazo e forma que se exixa.*

*Serán os encargados de organizar os diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas produtivas a realizar polo seu obradoiro.*

*Realizarán aqueles traballos xerais e inclusive os que supoñan un especial empeño e delicadeza, que lle sexan encomendados pola dirección na execución das tarefas produtivas do obradoiro de emprego.*

*Fomentarán e participarán activamente en tódalas iniciativas de creación de emprego.*

*Serán responsables directos nos aspectos prácticos - produtivos das persoas alumnas traballadoras que estén o seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.*

*Será o encargado de impartir lo ensino teórico das especialidades dos obradoiros, e se fose preciso, o ensino correspondente ao programa de formación empresarial e busca de emprego. Encargarase, si a Dirección o considera necesario, da supervisión das obras.*

*Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.*

*O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter, temporal, cunha duración de doce meses a tempo completo para os dous docentes.*

*A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.*

*A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego*



*público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables e na Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG nº 46, do 8 de marzo de 2022).*

## **2.- Requisitos.**

*A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:*

- *Ter dezaoito ou máis anos de idade.*
- *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.*
- *Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.*
- *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.*
- *Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, par o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- *As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.*
- *Ter ingresado na conta ES96 2080 0126 2031 1000 0019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 28,31 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 290 do día 20 de decembro de 2016. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.*
- *Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.*

**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 13/10/2022  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 13/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OJ=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/10/2022 13:12:50

DOCUMENTO: 20220661504  
Fecha: 13/10/2022  
Hora: 13:12



- *Ter o nivel académico e a experiencia profesional exixida no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade correspondente á especialidade formativa que vai impartir.*

**Requisitos de titulación e experiencia profesional para cada un dos postos de docentes:**

**Para o/a docente de Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos:**

*Estar en posesión de algunha destas titulacións académicas e contar con un ano mínimo de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia:*

- *Titulación de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou grao correspondente u outros títulos equivalentes.*
  - *Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.*
  - *Técnico e técnico superior das familia profesionales de Administración e xestión e Informática e comunicacións, e de Artes plásticas gráficas.*
  - *Certificado de profesionalidade de nivel 2 e 3 da área de xestión da Informática e Comunicación da familia profesional da Administración e xestión.*
  - *Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de Informática e Comunicacións.*
  - *Se non ten ningunha das titulacións anteriores, ten que acreditar 3 anos mínimo de experiencia profesional na unidade de competencia deste proxecto formativo.*
- *Acreditar experiencia mínima esixida polo Decreto Real Decreto 645/2011, de 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan los certificados de profesionalidade establecidos en el Real Decreto 1210/2009, de 17 de julio, (BOE 136 08/06/2011) Experiencia profesional na unidade de competencia (1 ano de experiencia profesional nas materias obxecto do obradoiro.*

**Para o/a docente de Traballos de carpintaría e moble:**

- *Estar en posesión de algunha destas titulacións académicas e contar con un ano mínimo de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia:*
  - o *Titulación de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou grao correspondente u outros títulos equivalentes.*
  - o *Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.*
  - o *Técnico e técnico superior da familia profesional da madeira, moble e corcho.*
  - o *Certificado de profesionalidade de nivel 2 e 3 da área profesional de madeira, moble e corcho.*
- *Se non ten ningunha das titulacións anteriores, ten que acreditar 4 anos mínimo de experiencia profesional na unidade de competencia deste proxecto formativo.*

**3.- Solicitudes.**



**FIRMANTE - FECHA**



As persoas que deseen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, xustificante do pago da taxa esixida, declaración responsable de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases, documentación acreditativa dos méritos alegados conforme se dispón nas presentes bases.

Aqueles aspirantes que estean aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitud de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial de minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración estatal ou Autonómica.

O prazo para presentación de solicitudes será de 6 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo ó correo electrónico [rrhh@concellodemonforte.com](mailto:rrhh@concellodemonforte.com) ou no fax 982404812 no mesmo día da súa presentación aportando xustificante da súa presentación.

Rematado o prazo de 6 días naturais o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista de admitidos e excluídos, para ser admitido as solicitudes dos aspirantes deben axustarse o disposto no apartado anterior é dicir, aportando:

- Fotocopia do DNI en vigor.
- Xustificante do pago da taxa esixida.
- Copia compulsada da titulación esixida.
- Declaración xurada de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos e na páxina web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es).

#### 4.- Procedemento de selección.

##### 1ª fase.

Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3'5 puntos, 35% do total.

Co obxecto de evitar, na medida do posible situacións de risco para os aspirantes e respectar ao máximo as medidas de distanciamento social determinadas pola autoridade sanitaria para a prevención de contaxios polo COVID-19, a entrevista terá carácter oral.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

##### 2ª fase.

A puntuación máxima desta fase e de 6,5 puntos, 65% do total.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, por medio do cal serán



*avaliadas as circunstancias profesionais dos/as aspirantes.*

*Non se valorarán os méritos cuxa acreditación non se axuste o disposto nas presentes bases nin os presentados unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación.*

**I) Experiencia profesional/docente:**

- ✓ *Experiencia como docente en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, ou en cursos de formación ocupacional, nas especialidades formativas obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 1,5 puntos.*
- ✓ *Experiencia profesional, non valorada no apartado anterior, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria coa titulación e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,50 puntos por cada 6 meses completos de traballo, ata un máximo de 2,0 puntos.*
- ✓ *A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,50 puntos.*
- ✓ *O período mínimo de experiencia profesional exixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.*

*A experiencia profesional acreditarase:*

- ✓ *no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.*
- ✓ *no caso de traballadores/as autónomo/as: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.*
- ✓ *no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.*

**II) Cursos realizados:**

*Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos por cada curso.*

*Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos por cada curso.*

*Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos por cada curso.*

*A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,50 puntos.*

*Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.*

*En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso, nin xornadas, congresos, simposios ...*

**III) Coñecementos de lingua galega:**

*Curso de iniciación: 0,25 puntos.*



*Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos*

*Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.*

*Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.*

*Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.*

*Finalizado o proceso de selección, o Tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. Puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde prelación das persoas candidatas para a súa posterior contratación pola entidade promotora.*

*A relación das persoas admitidas e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta tanto no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e na súa páxina web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)), nos taboleiros de anuncios da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e tamén nos taboleiros das oficina de emprego de Monforte de Lemos.*

*Os criterios para dirimir posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais son os que se establecen no punto 15 da circular da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 26/04/2022, sendo por orde de prelación*

- *O maior tempo acreditado como desempleado*
- *A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.*
- *A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.*
- *De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.*
- *A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.*
- *A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.*
- *A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.*
- *O de maior idade.*
- *De persistir o empate este resolverase por sorteo público.*
- 

*Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.*

*As persoas candidatas preseleccionadas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremación.*



*E entrevista terá lugar o luns 24 de outubro de 2022, ás 10:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial, Campo San Antonio, s/nº, para os dous postos de docentes.*

### **5.- Contratación.**

*Unha vez realizada a selección, antes da contratación dos docentes, o concello remitirá á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Lugo a relación dos docentes seleccionados, para a verificación de que os propostos cumpren todos os requisitos para participar no proxecto.*

*De non obter validación da proposta de contratación pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Lugo, o candidato/a non poderá ser contratado/a, pasándose a contratar o seguinte da lista de por orde de mellor puntuación, que conte tamén coa validación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Lugo.*

*Realizado o trámite anterior, procederase á contratación dos/as seleccionados/as, para o que deberán aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego “ e declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.*

*Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.*

### **6.- Incidencias e reclamacións.**

*As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o Tribunal de selección/Grupo de Traballo, para a selección no prazo de 24 horas a contar dende a publicación dos resultados da entrevista e do baremo.*

### **7.- Publicidade das bases:**

*Estas bases deberán de ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora do obradoiro.*

### **8.- Listaxe de reserva.**

*O Tribunal, coa finalidade de suplir as posibles baixas da persoa seleccionada como docente, poderá elaborar unha lista de reserva integrada por orde decrecente de puntuacións obtidas polas persoas candidatas non seleccionadas.*

*No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.*

*Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao director/a.*

### **9.- Tribunal.**





*O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución de Alcaldía e a súa composición publicárase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste procesos.*

*Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais. Designados de entre o persoal funcionario ou laboral fixo do Concello de Monforte de Lemos, e de ser necesario de calquera outra administración.*

*O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.*

*Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.*

*Abstención e Recusación.*

*Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.*

*Actuación do Tribunal.*

*O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.*

*A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.*

*O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.*

*En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.*

*Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.*

*O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto."*

## **SEGUNDO.-** Proceder á publicación das bases na páxina web municipal. "

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,





En Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital.  
Vº E PCE.  
O ALCALDE



**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 13/10/2022  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 13/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/10/2022 13:12:50





**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 13/10/2022  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 13/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/10/2022 13:12:50

DOCUMENTO: 20220661504

Fecha: 13/10/2022

Hora: 13:12





**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 13/10/2022  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 13/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/10/2022 13:12:50

DOCUMENTO: 20220661504

Fecha: 13/10/2022

Hora: 13:12

